



PLAN DIXITAL

CEIP do Pindo

[Versión 2.0 10 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro:CEIP do Pindo

Dirección: Estrada de Muros – O Pindo CP. 15296 O Pindo (Carnota)

Teléfono:881866087/88

Fax:881866089

CIF: Q6555592 B

Código de centro: 15002852

Correo: ceip.pindo@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippindo/>

Etapas educativas: Educación Infantil e Primaria

Número de alumnado:no momento actual 39 alumnos/as

Número de profesorado: Por catálogo 4 (Ed. Infantil, ed. Física. ed. Musical, Lingua estranxeira), destes 2 definitivos (un deles en comisión), 2 interinos. Ademais, compartidos: Relixión, Orientación e PT.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O concello de Carnota está situado no extremo occidental da provincia da Coruña, ao sur de Fisterra. O alumnado do centro pertencen aos concellos de Carnota e de Dumbría.

O Pindo está na zona norte do concello de Carnota, na estrada que une Cee con Muros (AC-550). Os pobos da área de influencia do centro atópanse ao longo de dita estrada, estando o máis lonxe (Caldebarcos) a 10 km.

O Ézaro, que pertence ao concello de Dumbría está a 2 km do Pindo.

A poboación cada vez diminúe máis, tanto no referente as poboacións do concello de Carnota que lles corresponde este centro, como a poboación do Ézaro.

O alumnado vive diseminado nos distintos pobos e a maioría acode ao centro en transporte escolar.

Servizos: O Concello de Carnota conta cun centro de Saúde no Pindo e outro en Carnota, a pediatra atópase no centro de Carnota; O Concello de Dumbría conta cun centro de saúde no Ézaro e outro en Dumbría, o servizo de pediatría está no centro de Dumbría. O Hospital máis próximo está a 10 km do centro educativo, no municipio de Cee.

No Ézaro (Dumbría) temos a biblioteca pública máis próxima ao centro, así como un centro onde se realizan actividades para nenos/as fóra do horario escolar; a outra biblioteca pública atópase en Carnota, así como a escola de música municipal a que acoden moitos dos/as nenos/as do centro.

Temos unha pista polideportiva no centro que está aberta sempre. Hai pistas polideportivas nos demais lugares onde habitan os/as nenos/as do centro.

A oferta educativa no concello de Carnota conta con dous centros educativos de educación infantil e primaria, unha escola de infantil de 0 a 3 anos e un instituto de educación secundaria.

As familias do noso centro traballan a maioría no sector servizos (hospital, ambulancias, centros sanitarios, hostalería, servizos municipais), decae o sector primario. O nivel de estudos dos pais, nais está repartido, a maioría ten estudos de formación profesional ou bacharelato, unha parte deles teñen estudos universitarios e son escasos os que só teñen estudos primarios. Isto axuda a que a maior parte do alumnado deste centro remate a ensinanza obrigatoria e curse estudos universitarios.

A poboación é principalmente natural do concello ou concellos limítrofes, aínda que cada vez algún dos proxenitores proceden do estranxeiro.

A poboación do Concello maioritariamente fala o galego, sobre todo nas persoas de máis idade. O galego é a lingua usada de xeito habitual por todos os membros desta comunidade. É, ademais, a lingua materna da maioría do alumnado. Sen embargo nótase a influencia da presenza maioritaria do castelán nos medios de comunicación que fai que parte do alumnado, a medida que vai medrando, torne do galego ao castelán.

No concello hai varias asociacións culturais, sendo algunhas delas do Pindo, lugar onde se sitúa o noso centro

Demograficamente toda a zona está afectada por un descenso no número de habitantes causado pola baixa natalidade e sobre todo pola emigración que afecta fundamentalmente á poboación en idade laboral e nos últimos anos tamén á poboación en idade escolar, dado que a emigración que se está producindo na actualidade cara zonas turísticas para traballar no sector servizos está arrastrando familias completas.

No que se refire á incardinación e contribución deste documento ao proxecto educativo, pasa a ser un referente que pretende cumprimentar os obxectivos que xa se viñan formulando en cursos anteriores como integrar as TICs no currículo, traballando e reforzando os contidos das diferentes áreas, e aqueles relacionados cos proxectos que se desenvolven a nivel de centro. Algúns destes obxectivos son:

- Empregar as tecnoloxías da comunicación e valorar a súa importancia na difusión da información e a cultura.
- Formar ao alumnado nas tecnoloxía da información, manexo da aula virtual, páxinas web...

Este documento recolle obxectivos con plans e accións que en parte pretenden dar resposta a esas necesidades.

Por último a PXA verase enriquecida por este documento incorporando á mesma a pretensión dun maior aproveitamento de todos os recursos tecnolóxicos da nosa comunidade. Pasará a ser parte do eixo vertebral que fundamente o uso de infraestruturas tecnolóxicas, formacións do alumnado, profesorado e familias, cun aproveitamento máis reflexivo, estudiado e estruturado de todos eles.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que regula todo este procedemento queda recollida nos seguintes documentos:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galiza para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización.

No comezo do segundo trimestre implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

Cabe sinalar que o seguimento por parte do mentor da nosa zona establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso, que posteriormente terían concreción neste documento e que axudaron a ter unha temporalización organizada.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No que se refire á infraestrutura dixital dispoñemos unha conexión cun ancho de banda nominal superior a 100 mb/s. Estamos conectados ao Programa “Escuelas Conectadas C121/15-SV”. Hai wifi en todas as aulas do centro (nos dous edificios). Existe tamén, conectividade por cable en dirección,(dúas tomas) sala de profesores (dúas tomas), biblioteca (una toma), sala de usos múltiples e aula de informática. Existen dúas liñas de voz dispoñibles para o centro.

En canto a equipamentos informático, contamos coa seguinte dotación:

- Existen pantallas dixitais no noso centro, o número ascende a 5 (Aula de inglés, aulas de Primaria, aula de usos múltiples, aula de apoio).
- Canóns:
 - 7 dos cales 6 en bo estado. (5 colocados fixos, un sen colocar) e un para dar de baixa por rotura.
- Sala de Mestres 2 equipos de sobremesa (1 de máis de 20 anos, non funciona, outro con cinco anos de antigüidade)
- Biblioteca: 2 equipos de sobremesa (1 con máis de 20 anos e outro novo)
- Dirección: 1 equipo de sobremesa (mais de 5 anos de antigüidade adquirido polo centro.)
- Sala de informática: 6 equipos de sobremesa de máis de 20 anos, 1 de máis de 7 anos e 2 de segunda man. Estes 3 últimos adquiridos polo centro.
- Aula de Pt 1 equipo de sobremesa de mais de 20 anos, conectado a catro pantallas cun funcionamento obsoleto.
- Contamos cos seguintes equipos portátiles:
 - 1 de préstamo as familias (Educa en Dixital)
 - 5 cun funcionamento aceptable. 4 asignados ás aulas con PDI antes mencionadas.
 - 2 equipos fóra de servizo por mal funcionamento.
 - 1 equipo cedido polo CAFI .
- Unha tablet adquirida polo centro.
- Torre de música adquirida polo centro.
- Cámara de fotos adquirida polo centro.

No noso centro educativo dispoñemos de páxina web a través do programa de Webs Dinámicas (Drupal). Contamos tamén con aulas virtuais para o alumnado. Facemos uso do sistema de Abalar Móbil para a comunicación coas familias.

Para o mantemento dos equipamentos e infraestruturas do centro mantense contacto coa UAC no caso de calquera tipo de incidencia. Tamén se conta coas asistencia dun servizo externo para determinados equipamentos

A continuación deixamos enlaces aos protocolos do centro que teñen relación coas TIC.

- Plan de Continxencia: podes [descargalo aquí](#).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2,2
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1,3
	Profesorado	1,8
	Alumnado	3,4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	2,4
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	2,9
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,2
	Profesorado	3,2
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,2
	Profesorado	2,9
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,1
	Profesorado	2,2
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,7
	Profesorado	2,1
	Alumnado	3,9

Test CDD: Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	1	1	100%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	3	66,7%
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
55,4	Explorador/a (A2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	49,5	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	51,7	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	4	80%
B1	1	20%
B2	-	-
C1	-	-
C2	-	-
TOTAL	5	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C2, C3 E C8 En xeral tanto ED (4)(5) (3)Prof. (2,5)(3,5) (2,8) e alumnado (4)(3,8) consideran que teñen dispositivos dixitais axeitados para ensinanza, cun acceso aceptable a internet, e poden usalos cando os necesitan.	C10 Tanto equipo directivo (2) como profesorado (2,5) afirman que non hai dispositivos suficientes para préstamos domiciliario. C16, Tanto equipo directivo (2) como profesorado (2,3) afirman non dispoñer dun repositorio e/ou biblioteca con materiais. A maioría dos equipos non poden ser usados para vídeo conferencias. C5 -Asistencia técnica, moitas veces remota que ocupa o tempo da dirección do centro.
	PERSOAL DOCENTE	D1, D2, D3 Existe un compromiso do equipo directivo e do profesorado polo Desenvolvemento Profesional Continuo. E1 e E4 Tanto ED (4)(4) como profesorado (3,8)(3,8) afirman utilizar recursos en liña, e utilizar sistemas dixitais para comunicación coa comunidade educativa. F1, F3, F4 e F5 tanto ED (2)(2)(3)(3) como profesorado (3,3)(2,7)(3)(3) como alumnado (3,6), (3,5) (3,9) afirman que se fomenta a creatividade, implicándoos en actividades de aprendizaxe dixitais, facilitando a colaboración do alumnado. Hai boa comunicación entre as diferentes etapas do centro.	B2 Tanto equipo directivo como profesorado opinan que non existen un gran debate sobre o uso da tecnoloxía. F6 tanto equipo directivo (1) como profesorado (2,5) afirman non realizar proxectos interdisciplinarios utilizando tecnoloxías dixitais. G en xeral non se realizan prácticas de avaliación de xeito dixital.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	O alumnado dispón de recursos nas casas. Aínda que moitos son compartidos con outros membros das familias.	H1, H2 Tanto equipo (3) (3) como profesorado (2,3)(2,3) afirman que hai posibilidade de melloría no que se refire a comportamento seguro na rede e responsabilidade.
	FAMILIAS	A maioría das familias teñen instalado o Abalar Móbil e utilízano para comunicacións co centro	
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	PC1 O centro ten un compromiso co uso de ferramentas educativas corporativas. PC2 O centro avoga polo uso do software libre.	A1 e A2 Tanto equipo directivo (2) (2) como profesorado (1,8) (2) consideran que a estratexia dixital é escasa. B4 e B3 Tanto equipo directivo (1) (1) como profesorado (1,8) (1,8) opinan que non hai sinerxías para o aprendizaxe mixto (non se formular actividades con outros centros da contorna e/ou organizacións) C12. Tanto equipo directivo (2) como profesorado (2) opinan que non existe un plan e apoio de ensino mixto para o profesorado

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	O Plan dixital de centro pode traer consigo melloras económicas. A Consellería aposta polo tecnolóxico. Oferta de actividades formativas e as condicións par a participación.	A4 Tanto equipo directivo (1) como profesorado (1,5) opinan que non dispoñen de tempo para explorar a ensinanza dixital. Faltan fondo para o investimento en tecnoloxía. Pouca estabilidade do persoal non docente, sendo a maioría provisionais. Os equipos quédanse obsoletos. Necesidade de substitución de equipos por outros actualizados .
	LEXISLACIÓN	O novo Currículo esixirá o emprego de novas ferramentas e a formación correspondente	
	CONTORNA	Posible colaboración con empresas consolidadas na	Mala conexión en internet en moitos fogares.

		contorna.	
	ANPA	Moi boa relación coas familias e con ANPA	
	OUTRAS ENTIDADES	O Concello a través dos Servizos Sociais axudan ás familias con menos recursos incluso na dotación de tecnoloxía dixital	

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analizouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítems que, segundo a idiosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarias. As táboas seguintes recollen esta información:

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
OBXECTIVO 1:	Establecer tempo e formación para que a persoa encargada de actualizar a web do centro o faga coa periodicidade establecida. (A1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de entradas creadas/actualizadas na web oficial do centro educativo.					
Valor de partida	2 entradas creadas/actualizadas na web oficial do centro educativo.					
Valor previsto e data	7 entradas creadas/actualizadas na web oficial do centro educativo.			Final curso 22-23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Reunión co claustro para expoñer a necesidade de persoas/s que se formen e se encarguen da actualización da web do centro.	Equipo Directivo.	Claustro inicial do curso 22-23	Convocatoria. Acta na que consten as persoas escollidas para tal efecto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Reunión coas persoas interesadas para establecer os tempos.	Equipo Directivo	Primeira semana de outubro do curso 22-23	Convocatoria. Orde do día: <ul style="list-style-type: none"> • Tempos concreto para formarse e/ou subir contidos. • Decidir que contidos de efemérides ou recursos se van a subir e facer un calendario e responsable concreto (día límite de subida e persoa asignada). • Decidir o deseño da web para trasladarllo ao asesor Abalar. 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO1.3: Formación en Drupal a nivel básico para as persoas encargadas da web do centro educativo a través da solicitude dun PFPP desa liña.	Equipo Directivo	Finais de outubro de 2022	Persoa asesora do CAFI Correo electrónico corporativo / chamada telefónica. Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: No caso de non ter persoas suficientes para PFPP establecer formación interna con axuda do asesor Abalar e o mentor ADIX de zona creando un curso con vídeos das accións necesarias para subir contidos á web.	Equipo Directivo	Finais de outubro curso 22-23	Asesor Abalar Mentor Adix Aula virtual para o posible curso con vídeos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.5: Creación de entradas para web do centro seguido o calendario realizado na acción AO2.2	Persoas designadas na acción 201.1	Xuño do curso 22-23	Equipos informativos. Material audiovisual para a entradas. Formación PFPP ou Aula virtual cos vídeos formativos no seu defecto. Calendario de contidos a subir.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*A1 Estratexia dixital)

"Área/s de mellora": Pedagogía implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 2:	Realizar proxecto interdisciplinar arredor dunha efeméride utilizando a aula virtual como repositorio para a mesma. (F6*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora do EDLG. (Dirección)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de recursos subidos (concreto e específicos por niveles) na aula virtual, creada para tal efecto,					
Valor de partida	0 recursos subidos (concreto e específicos por niveles) na aula virtual, creada para tal efecto.					
Valor previsto e data	1 recurso subido (concreto e específicos por nivel) na aula virtual, creada para tal efecto.			Unha semana antes da efeméride escollida.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Reunión co claustro para decidir a efeméride sobre a que se vai traballar na pescuda de recursos.	Persoa coordinadora do EDLG. (Dirección)	Reunión inicial do EDLG curso 22-23	Convocatoria. Equipo informático Acta final: <ul style="list-style-type: none"> Efeméride escollida. Persoa encargada de crear a aula virtual Organización da páxina da efeméride por niveis Establecer os tempos e momentos para pescuda e ir subindo os recursos 		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: No caso de non contar co persoal con coñecementos para creación da aula virtual, solicitar axuda do asesor Abalar e/ou mentor ADIX	Persoa que se encargará da creación da aula virtual.	Primeira semana de novembro do curso 22-23	Equipo informático. Conta con permisos de creación de aula virtual (consultar asesor Abalar) Imaxes para a estrutura da aula. Creación de usuarios de profesorado para aula (persoas do EDLG) Documento coa estrutura decidida para a aula virtual e texto de ser preciso.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A02.3: Pescuda, elección e subida de recursos	Persoas do EDLG	Unha semana antes da efeméride escollida.	Equipos informáticos. Calendario coa concreción de tempos e momentos para a pescuda e subida de recursos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*F6 Proxectos interdisciplinares)

"Área/s de mellora": Pedagogía apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 3:	Empregar aulas virtuais con máis frecuencia como entorno virtual de aprendizaxe. (E3")				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de sesións desenvolvidas co alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º sobre aulas virtuais.					
Valor de partida	1 sesión desenvolvida co alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º sobre aulas virtuais.					
Valor previsto e data	3 sesións desenvolvidas co alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º sobre aulas virtuais.			1 sesión realizada ates do final de cada un dos trimestres.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Solicitud de creación das aulas virtuais do alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de EP e matriculación do profesorado e alumnado á persoa asesora Abalar.	Persoa coordinadora TICs	Última semana do mes de setembro do curso 22-23	Correo electrónico / chamada telefónica. Datos Xade do alumnado e profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO3.2: Reunión do claustro para decidir os contidos de cada unha das sesións.	Persoa coordinadora TICs	Reunión do grupo de TICs inicial curso 22-23	<p>Convocatoria. Correo electrónico corporativo Orde do día:</p> <ul style="list-style-type: none"> Tarxeta con usuario e contrasinal do alumnado. Deseño de 3 sesións: 1ª acceso (entrega tarxeta usuario e contrasinal), manexo básico e subida de actividades). 2ª sesión mensaxes en foro e mensaxería interna, netiqueta dixital (boas formas na escrita dixital). 3ª sesión charla plan director e actividade na aula de redacción. Subirlles tamén o material da charla. Datas das sesións 	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO3.3: Contacto con asesor Abalar / mentor ADIX no caso de precisar apoio / formación para a inclusión de recursos.	Persoa coordinadora TICs	No caso de non ter coñecementos contactar tras reunión inicial	Correo electrónico / teléfono. Equipo informático. Concreción das necesidades.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

(*E3 Uso de contornas virtuais de aprendizaxe)

"Área/s de mellora": Pedagogía apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 4:	Empregar os contidos dixitais dos libros de referencia con alumnado de EP(E")				Acadado	
RESPONSABLE:	Titor/a ou profesor da materia				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades dixitais do libro de referencia realizadas por UD					
Valor de partida	0 actividades dixitais do libro de referencia realizadas por UD					
Valor previsto e data	1 actividades dixitais do libro de referencia realizadas.			Final de cada un dos trimestres.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: revisións das actividades que se poden facer en cada unidade didáctica	Titor/a ou profesor da materia	Inicio de cada trimestre do curso 22-23	Materiais do libro de referencia en cuestión. Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: realización da actividade seleccionada	Titor/a ou profesor da materia	Ao longo do trimestre en cuestión.	Materiais do libro de referencia en cuestión. Equipo informático. PDI da aula. Aula de informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Anotación da actividade realizada na folla de seguimento.	Titor/a ou profesor da materia	Ao longo do trimestre en cuestión.	Folla de seguimento (táboa sinxela con nº de UD, actividade realizada (só nome ou referencia) e grupo co que se realiza.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*E3 Uso de contornas virtuais de aprendizaxe

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

No centro destacamos a necesidade de facer unha mellora no equipamento tecnolóxico existente.

Infraestrutura dixital: é preciso revisar toda a instalación de cableado do noso centro xa que, é deficiente e pode supoñer un risco de tropezos e de danos involuntarios da propia infraestrutura de cableado.

Aulas dixitalizadas: na aula de PT o equipo existente está obsoleto o que imposibilita o traballo de TICs co alumnado con NEAE.

Uso na biblioteca: non existe equipamento axeitado para que o alumnado poida colaborar co préstamo de libros. Sería preciso alo menos un equipo portátil.

Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos: a dotación existente é escasa e dificulta que os docentes poidan levar a cabo tanto traballos educativos como de xestión (faltas, memorias, actas reunións...)

Equipos portátiles: o noso centro, debido á temporalidade do profesorado, non participa na iniciativa de EDIXGAL. A pesar disto sería preciso a existencia de equipo portátiles para alumnado de 5º e 6º para deste xeito poder traballar contidos dixitais dun xeito eficiente. Con de equipos sería suficiente.

Aula(s) de informática: igualmente precisa dunha revisión de cableado. Por outra banda os equipos están bastante obsoletos e imposibilitan a realización de actividades concretas co alumnado xa que, os tempos de espera e carga son excesivos e non aproveitables. Isto fai que as sesións formativas en TICs para este alumnado teñan que ser moi longas e tediosas. Con 10 equipos a aula quedaría ben dotada.

É precisa unha aplicación de comunicación entre o profesorado para non ter que utilizar plataformas externas. Abalar Pro podería ser unha boa opción se se desenvolvera nesa aplicación algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do centro; que permita tamén achegar imaxes, arquivos de son, vídeos...

Por último para concluír este apartado, deixamos constancia da necesidade de mellorar o tempo de resposta do servizo técnico da UAC, xa que, en gran parte

das ocasións temos que derivar os problemas a servizos externos por non ter unha resposta rápida por parte da administración.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final da cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.